

REXISTRO DE TRABALLO

Este é o primeiro documental longo de Uqui Permui, aínda que xa tiña experiencia no campo audiovisual por outros traballos anteriores; a primeira curta, do ano 2007, *Asuntos internos*, coproducida con Xoán Anleo, tivemos ocasión de vela na primeira edición de Mufest.

Uqui, compaxina o seu traballo no estudio de deseño e comunicación visual Uqu/cebra coa creación de proxectos en variados formatos mostrando en todos eles a súa ollada crítica sobre o entorno social e unha preocupación especial polo mundo e o traballo das mulleres, como neste *Doli, doli, doli...*

A partir dun vídeo da OTTS (Organización das Traballadoras e Traballadores do Salnés) que se gravou no ano 1989 durante o peche das traballadoras de Odoxa, onde se recollía a loita daquelas mulleres que despois de levar trinta ou corenta anos na fábrica se atoparon con que non había constancia documental de todos eses anos de traballo, a loita traspasou os muros da fábrica e espallouse por toda a illa conseguindo a solidariedade de todo o pobo expresada en manifestacións e folgas xerais na Illa de Arousa.

Doli, doli, doli, entrecruza en tres liñas argumentais o que foi aquela experiencia colectiva na Illa de Arousa, cos recordos e as opinións actuais das protagonistas e cunhas imaxes do traballo nunha conserveira e da vida cotiá de Loli Romero, delegada sindical de Conservas Alfageme, empresa que na actualidade está a pasar por un conflito que ten moitos puntos en común co que foi o de Odoxa.

Con esta tripla ollada podemos facernos unha idea de como era e como é o traballo nas fábricas de conserva e a relación laboral das mulleres. A liberdade con que se expresan as traballadoras, tanto no vídeo de 1989 como no gravado agora, dá unha frescura especial ao documental mostrando sen reparos nin censuras a realidade dese sector no que as mulleres son maioría, onde os poucos homes que hai ocupan os postos mellor remunerados e cómodos.

As fábricas modernizáronse e as traballadoras agora están recoñecidas, pero en moitas ocasións o traballo das conserveiras segue a considerarse un complemento do salario do seus compañeiros, aínda que en moitos casos vivan elas e os seus fillos unicamente deses ingresos.

Desde a estrea o pasado abril na Casa Museo Emilia Pardo Bazán na Coruña, o documental tense difundido en moitas vilas de Galicia. En Santiago, a revista *Andaina* organizou un pase cun debate posterior que foi moi participativo.

Especialmente emotivo foi o pase na Illa de Arousa, onde o público abarrotaba o local do concello, situado nos terreos onde estaba Odoxa. E de Galicia marcha seleccionado para participar na 19ª Mostra Internacional de Films de Dones de Barcelona.

Ana Arellano.

(Texto publicado orixinalmente na revista *Andaina*, número 58)

A idea do documental xorde a partir dunha colaboración coa artista Carme Nogueira e a comisaria Anxela Carames no *colector feminista*, un proxecto que pretende crear un arquivo feminista en Galicia. Durante este proceso, atopámonos cunha gravación, en VHS, realizada polas traballadoras da fábrica Conservas ODOSA mentres permaneceron encerradas nas súas instalacións para defender os seus postos de traballo e a continuidade da empresa, durante todo o mes de setembro de 1989.

Preto de 100 mulleres, catro delas en folga de fame, pecháronse ante a ameaza de despedimentos na fábrica Otero Diz Otero (Odosa) e contra as súas precarias condicións laborais, moitas sen atopar ningún certificado no que constase que levaban traballando alí durante trinta ou, mesmo algunhas, corenta anos.

A gravación estaba bastante deteriorada. Dixitalizámola, limparamos de ruído de imaxe e son e recuperamos as partes menos danadas. Con ese material organizamos un visionado na Illa de Arousa, coincidindo, vinte anos máis tarde, co día, 31 de agosto, e lugar, os terreos da fábrica onde hoxe levántase o edificio do Concello da illa, no que as protagonistas iniciaron o peche.

Ao finalizar o pase, e na mesma sala, empezouse a fraguar este documental, *Rexistro de Traballo*, unha longametraxe sobre a situación das mulleres nas fábricas de conserva, a desvalorización sistemática que sofren, a desconsideración que descubren ao non atopar ningún rexistro na seguridade social –ou que só algunhas estaban dadas de alta para que o resto puidese parir baixo o nome delas–, a domestización do traballo produtivo –traballaban tanto na fábrica como ao coidado das casas e das proles dos donos, de serventas–, a produción convertida en reprodución.

Todo este material foi construíndo unha historia pero tamén ramificándose. Era imposible falar das mobilizacións dese momento sen ter en conta o que estaba e está a suceder na actualidade: unha

das máis importantes empresas do sector, ALFAGEME (dona de marcas como Miao ou Peña) vive un momento de crise similar ao de ODOSA no 89; o catro fábricas de Alfageme foron compradas con intereses inmobiliarios e con pouco –ou nulo– interese por activalas como fábricas de conservas. Agora mesmo seguen en negociacións para conservar os seus postos de traballo e manter a actividade industrial da comarca de Arousa.

Por iso, na longametraxe, os relatos do pasado e do presente entrecúzanse, cunha estrutura de tres liñas de tempo diferentes: o documental de 1989, a memoria das mulleres que o viviron e o que está a suceder neste momento.

O fío condutor da cinta é Loli Romeu, unha muller Sindicalista, delegada e traballadora en fábricas de conserva desde moi nova, que participou no peche de ODOSA (aínda que non traballaba nesa fábrica) e que actualmente é unha das traballadoras que se atopa pelexando para que non se perdan os postos de traballo de Alfageme, hoxe en fase de liquidación concursal.

Un punto importante do documental é que mostra a loita sindical das mulleres, a falta de entendemento cos dirixentes sindicais, problemas de actitude, de criterios de actuación, de linguaxe? que lles leva a crear, no 89, un sindicato de mulleres da conserva, a OTTS, Organización de traballadoras e traballadores do Salnés, sindicato hoxe extinto.

Coa creación do sindicato xurdirá a forza necesaria para conseguir o que reclamaban: o recoñecemento do seu traballo e en condicións laborais dignas.

Uqui Permui

■ PROYECCIONS

Entrada de balde | Bono-axuda: 1 euro

Mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21)

<http://cineclubedecompostela.blogaliza.org>

■ ASOCIACIÓN: O Cineclube de Compostela tenta ser unha asociación autoxestionada.

Cota mensual traballadores/as: 5 e. // Cota mensual para estudantes e parados/as: 3 e. // Socios/as protectores/as: 75 e./ano